

Curso de

# Manipulación de palletas e feitura e afinación de pallóns

Imparte: Xosé Liñares

25 de maio de 2013 16:30-20:30 h.

Liñares

**Desenvolvemento** Dividirase en dúas partes. A primeira, adicarase á exposición da ferramenta necesaria para un fabricado posible de pallóns, información do enderezo para a consecución da cana e feitura e afinación do pallón. A segunda parte, que abranguerá o resto da tarde (dúas ou tres horas), estará orientado á manipulación da palleta, que incluírá exercicios de posta a punto de parellas de gaitas empalletadas con palletas que ofrezan resultados opostos, isto é: unha alta e outra baixa; unha dura para alguén que toque brando, emparellado con outra branda para alguén que toque duro. Finalmente resolveranse dúbidas que xurdan e facilitarase un esquema do impartido no curso, que servirá para lembrar doadamente todo o dado no mesmo.

**Obxectivos:** Coas teorías e prácticas levadas a cabo co desenvolvemento do curso, preténdese acadar o obxectivo de que os asistentes aprendan a fabricar o seu propio pallón e a manipular as súas propias palletas, de xeito que poidan por o pallón e a palleta equilibrados e adaptados ao seu peculiar xeito de tocar a gaita cunha determinada presión de fol, asemade que se consigue a afinación do instrumento na tonalidade que cumpra en cada caso.

30 €  
25 € SOCIOS

*Prazo de matrícula : ata o 23 de maio*  
*Número mínimo/máximo de alumnos: 10/18*



AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA  
CANTIGAS E AGARIMOS